

Desenvolvemento Sostible, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación será de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte, este inclusive, da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Para todas as categorías, a memoria que se presente non excederá as 40 follas tamaño A4, por unha cara a dous espazos con letra Arial de 12 puntos e marxe de 2,5 cm en todos os seus lados, que poderá ser complementada con gráficos, debuxos, fotos ou calquera material audiovisual, así como con aqueles anexos que se consideren necesarios.

Artigo 6º.-Xurado e concesión dos premios.

1. O xurado terá a composición seguinte:

Presidente: o conselleiro de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.

Vogais: o director xeral de Montes e Industrias Forestais, o director xeral de Conservación da Natureza, o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e o presidente do organismo autónomo Augas de Galicia, ou persoas en quen deleguen, respectivamente, e un representante dos colectivos ecoloxistas galegos.

Secretario: o director xeral de Desenvolvemento Sostible ou persoa en quen delegue.

2. O xurado tomará o acordo de concesión dos premios, que porá fin á vía administrativa; ademais, poderá deixar deserta total ou parcialmente a convocatoria e outorgar os accésits que considere oportunos.

3. Os traballos premiados non lles serán devoltos aos seus autores. A Consellería de Medio Ambiente reserva para si o dereito a proceder á súa publicación en todas as linguas do Estado español coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Poderá publicar estes traballos sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os beneficiarios dos premios comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos.

4. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus autores, no prazo que se indicará despois da resolución do xurado no taboleiro de anuncios da Consellería de Medio Ambiente. Os traballos non retirados dentro do prazo establecido serán destruídos.

5. A concesión dos premios terá lugar dentro dos tres meses seguintes á data de remate do prazo de presentación das memorias, e será notificada persoalmente aos adxudicatarios polos medios previstos

no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2005.

José Manuel Barreiro Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente

### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Orde do 18 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da integración da prevención de riscos laborais nos sistemas de xestión das empresas mediante a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas e empresariais máis representativas a nivel intersectorial e/ou sectorial.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29, epígrafe 1, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

A Comunidade Autónoma de Galicia recibiu, mediante o Real decreto 2381/1982, do 24 de xullo, o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de gabinetes técnicos provinciais do Instituto de Seguridade e Higiene en el Trabajo.

Mediante o Decreto 200/2004, do 29 de xullo, créase o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral como órgano administrativo de carácter técnico en materia de seguridade e saúde laboral, e ao tempo que se regula o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A publicación da Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, inclúe as modificacións que se introducen, por unha banda, na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e, por outra banda, na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado por Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Entre os obxectivos da Lei 54/2003, está o de combater dun xeito activo a sinistralidade laboral así como o de reforzar a necesidade de integrar a prevención dos riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa. Isto fai preciso instrumentar mecanismos para as empresas galegas que lles faciliten dar cumprimento ao novo marco normativo e á nor-

mativa de desenvolvemento existente en materia de prevención de riscos laborais, artellando a prevención de riscos laborais como actividade integrada no conxunto de actuacións e decisións da empresa.

As axudas previstas nesta orde teñen como obxectivo, ao abeiro da perspectiva integradora antes sinalada, facilitar a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais ás organizacións sindicais máis representativas de Galicia e organizacións empresariais máis representativas de Galicia a nivel intersectorial e/ou sectorial, co fin de impulsar e fomentar unha auténtica cultura de prevención de riscos laborais nos centros de traballo así como combater a sinistralidade laboral.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras deste tipo de axuda e a súa convocatoria para este exercicio, axústanse ao disposto:

-Na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, onde se habilitan créditos para a finalidade destes programas ou accións.

-Nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia na concesión de axudas públicas.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para os fins para os que foron establecidos,

*DISPOÑO:*

### Capítulo I

#### Ámbito e réxime das axudas

##### Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras das axudas para fomentar a integración da prevención de riscos laborais e combater a sinistralidade laboral, mediante a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas de Galicia e as organizacións empresariais máis representativas de Galicia a nivel intersectorial e/ou sectorial, co obxectivo de promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo no ámbito xeográfico da comunidade galega.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de

decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2005, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nesta orde.

##### Artigo 2º.-Beneficiarios e requisitos destes.

1. Poderán ser beneficiarios dos apoios recollidos nestas bases, as organizacións sindicais máis representativas de Galicia de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, en virtude da representatividade sindical referida o 31 de decembro de 2004 e as organizacións empresariais máis representativas de Galicia a nivel intersectorial e que non incorran nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Estas circunstancias acreditaranse de conformidade co establecido no artigo 13.7º da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

##### 2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas:

\* As asociacións profesionais de servizos de prevención e/ou de técnicos en prevención de riscos laborais.

### Capítulo II

#### Modalidade de axuda

##### Artigo 3º.-Tipo de axuda.

1. Será subvencionable a contratación por obra ou servizo, a tempo completo, e vencellada á actuación concreta que vaian desenvolver o/s técnico/s segundo a memoria descritiva desta que vaian achegar.

2. O/s técnico/s de prevención de riscos laborais, por cuxa contratación se solicite a axuda prevista nesta orde, deberán:

\* Ser desempregados e,

\* Dispoñerán da formación acreditada para o exercicio das funcións preventivas de nivel superior ao abeiro do disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

3. Para os efectos da axuda recollida nesta orde terán a consideración de desempregados aqueles técnicos en prevención de riscos laborais, con competencia técnica, formación e capacidade acreditada ao abeiro da normativa vixente, que figuren inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, e, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social no momento da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

4. Os técnicos de prevención contratados ao abeiro desta orde terán dedicación exclusiva na organización beneficiaria da axuda, para efectos da execución, no seu tempo efectivo de traballo, das accións programadas segundo a memoria da actuación prevista (anexo IV).

5. Non se considerarán as contratacións realizadas con infracción da lexislación laboral ou da Seguridade Social.

Artigo 4º.-Subvencións para a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas de Galicia e polas organizacións empresariais máis representativas de Galicia a nivel intersectorial e/ou sectorial.

1. Será subvencionable a contratación por obra ou servizo de técnico/s en prevención de riscos laborais de nivel superior.

2. A subvención concederáse por unha soa vez e pola contratación como máximo de:

\* Dous técnicos por cada organización sindical máis representativa de Galicia.

\* Seis técnicos para o total das organizacións empresariais máis representativas de Galicia a nivel intersectorial e/ou sectorial.

3. A contratación por obra ou servizo da axuda será por unha duración de 6 meses e a data máxima de remate de contrato é a do 31 de outubro de 2005.

4. Por cada contrato, por obra ou servizo, realizado ao abeiro desta orde concederáse a seguinte axuda:

\* 8.300 euros por técnico superior en prevención de riscos laborais contratado.

5. A súa concesión estará condicionada á xustificación pola organización, da actuación que se vaia realizar coa participación directa do/s técnico/s contratado/s e obxecto da subvención. Xustificárase a/s acción/s que se vaia realizar, ben pola adecuación da proposta a un estudo de necesidades realizado previamente a esta convocatoria, ben coa definición de actuacións definidas e concretas. Alén disto, a xustificación considerará o número ou conxunto de Pemes e/ou de traballadores ou dos seus representantes aos que se dirixa a actuación (segundo modelo anexo IV).

6. En concreto, entenderanse como accións subvencionables aquelas que se encadren nalgún dos grupos seguintes:

-Accións de asistencia técnica, dirixidas ao estudo e resolución de problemas, derivados da aplicación práctica e material das actuacións preventivas que se vaian desenvolver nos centros de traballo.

-Realización de diagnoses e asesorías de sistemas de xestión de prevención de riscos laborais.

-Desenvolvemento de actividades que permitan coñecer o nivel actual de seguridade e prevención de riscos laborais en sectores específicos.

-En xeral calquera outra sempre que respecte os obxectivos recollidos na reforma normativa e/ou se xustifique o interese e a novidade da proposta e vaia dirixida a un conxunto determinado ou determinable de Pemes e/ou de traballadores ou dos seus representantes.

7. Para os efectos da graduación, os proxectos ou accións presentados teñen que estar claramente definidos, tanto desde o punto de vista técnico como de programación no tempo de duración. Deben ser perfectamente cuantificables, avaliábeis e controlábeis na fase de seguimento.

8. Para a súa valoración teranse en conta os seguintes criterios de graduación, de maior a menor importancia, ata un máximo de 10 puntos:

1º Accións que se desenvolvan en sectores de alto risco. (4 puntos).

2º Accións que alcancen un maior número de Pemes e/ou de traballadores ou dos seus representantes. (3 puntos).

3º Accións baseadas nun estudo de necesidades realizado previamente á convocatoria desta orde. (2 puntos).

4º Calidade e detalle na formulación do proxecto e idoneidade da documentación e información achegada. (1 punto).

### Capítulo III

#### Competencia e procedemento

Artigo 5º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, corresponderalle ao director xeral de Relacións Laborais.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de subvencións dirixíranse ao órgano competente e presentarase no rexistro xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes formuladas segundo modelo normalizado anexo I, xunto coa documentación que figura no anexo II, poderán presentarse dentro dos 40 días naturais contados a partir do día seguinte ao de entrada en vigor desta orde.

3. A presentación da documentación xustificativa da actuación realizada, a efectos do pagamento da subvención, realizarase no prazo máximo dun mes contado a partir do remate da/s contratación/s realizada/s tendo en conta que a data de remate para todas as contratacións é a do 31 de outubro de 2005.

Artigo 7º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas por duplicado exemplar, un deles orixinal, da documentación que se relaciona (segundo modelo anexo II):

a) Instancia da solicitude asinada e debidamente cuberta, segundo modelo establecido no anexo I.

b) CIF da organización solicitante, DNI do asinante da solicitude, estatutos vixentes debidamente rexistrados e actualizados así como os poderes do representante legal que presenta a solicitude.

c) Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, incluíndo as resolucións correspondentes, segundo o modelo anexo III desta orde.

d) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que o solicitante é titular da conta.

e) Documento que acredite a realización da correspondente avaliación de riscos laborais actualizada, se é o caso, con especificación das posibles situacións de risco, ao abeiro do exposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, no caso de estar obrigado a elaborala, así como a acreditación da realización da planificación preventiva correspondente e a existencia do Plan de prevención de riscos laborais da organización.

f) Memoria técnica descritiva da actuación do/s técnico/s contratado/s, dando conta en detalle das actividades e obxectivos que se vaian desenvolver, así como as funcións que realizará/n en relación coa categoría profesional (segundo o modelo anexo IV desta orde).

g) Cando a acción que se vaia desenvolver estea baseada nun estudo de necesidades realizado previamente, xuntarase copia do sinalado traballo (2 exemplares).

h) DNI do/s técnico/s e certificación/s da súa condición de desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego, así como dos períodos de inscrición como demandante de emprego.

i) Acreditación mediante o correspondente certificado da formación superior do/s técnico/s en prevención de riscos laborais conforme a normativa de aplicación.

j) Informe actualizado de vida laboral da Tesorería Xeral da Seguridade Social referido ao/s técnico/s.

k) Contrato/s de traballo, por obra ou servizo, e alta/s na Seguridade Social.

#### Artigo 8º.-Instrución e tramitación.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, as unidades encargadas da tramitación do expediente remitiranlle estas ao servizo competente para que este requira ao interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se terá por desistido da súa petición, de conformidade co preceptuado no artigo 71 da Lei de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ditándose resolución para o efecto.

#### Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. Para o estudo e selección das solicitudes de axudas constituirase unha Comisión de Valoración, presidida pola subdirectora xeral de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais e composta polos seguintes membros:

\* Dous directores dos centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

\* O xefe de servizo da Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral, que actuará como secretario.

2. Cando por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidera asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe a subdirectora de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais e, sempre que sexa posible, o nomeamento deberá recaer noutro funcionario da dirección xeral.

3. A comisión de valoración será rexida polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC), relativo aos órganos colexiados e terá vixencia ata o 31 de Nadal de 2005.

4. A comisión de valoración, á vista da documentación presentada e dos criterios de valoración establecidos no artigo 4º.8, emitirá informe-proposta que lle servirá de base ao director xeral de Relacións Laborais para ditar resolución.

#### Artigo 10º.-Resolución.

1. As resolucións serán ditadas polo órgano correspondente e deberán serlles notificadas aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que o acto foi ditado, de acordo co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As resolucións, de concesión ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. De acordo co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as resolucións destas axudas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo para resolver será de tres meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase a resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Xustificación do pagamento.

1. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación polos beneficiarios da seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa da actuación realizada e obxecto da subvención (segundo modelo anexo V desta orde), no prazo, nos termos e na forma que se sinala na resolución de concesión.

b) Recibos dos soldos e salarios así como dos boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do/s técnico/s contratado/s, correspondentes ao período subvencionado.

c) Xustificantes dos pagamentos realizados en concepto de nóminas e seguros sociais referidos ao/s técnico/s contratado/s.

2. O pagamento das axudas tamén quedará condicionado á presentación da documentación prevista nesta orde e non achegada coa solicitude da axuda, no prazo, nos termos e na forma que se sinala na resolución de concesión.

3. Tras a recepción procederase á revisión e valoración dos documentos xustificativos da execución, e, se é o caso, da documentación adicional solicitada. En función dos resultados acadados realizarase proposta de pagamento, axuste ou revogación das subvencións.

#### Capítulo IV Incompatibilidades e obrigas

Artigo 12º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. A axuda para a contratación temporal, por obra ou servizo, de técnicos superiores en prevención de riscos laborais será incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2. Os sinalados incentivos serán compatibles, de ser o caso, con axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Son obrigas dos beneficiarios das subvencións:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

b) Achegar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, incluíndo as resolucións correspondentes, segundo o modelo anexo III desta orde.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, así como a obriga de facilitar información, tal como establece o artigo 78.8º j) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

d) Manter no seu cadro de persoal o/s experto/s técnico/s contratado/s, como mínimo, o tempo da contratación subvencionada, quedando obrigados a substituílo/s por técnico/s de similares características (de nivel superior en prevención de riscos laborais e desempregado/s, entre outras), ata completar o período de contratación subvencionado (6 meses en cómputo global) e mantendo as condicións de contratación previstas nesta orde así como o previsto na resolución da axuda (entre outras, fixarase a mesma obra ou servizo inicial, contratación a tempo completo, dedicación exclusiva, etc.). Neste caso achegaríase a documentación correspondente á/s nova/s contratación/s realizada/s.

e) Presentar a seguinte documentación no prazo dun mes desde o remate do contrato laboral temporal:

I. Memoria técnica das actividades realizadas polo/s técnico/s en prevención de riscos laborais (segundo modelo anexo V desta orde) e, no caso da realización de estudos, presentarán copia, por duplicado exemplar, do produto obtido.

II. Recibos dos soldos e salarios así como dos boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do/s técnico/s contratado/s, correspondentes ao período subvencionado.

III. Xustificantes dos pagamentos realizados en concepto de nóminas e seguros sociais referidos ao/s técnico/s contratado/s.

**Artigo 14º.-Modificación da resolución concesoria.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

**Artigo 15º.-Revogación.**

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**Artigo 16º.-Seguimento e control.**

A Dirección Xeral de Relacións Laborais poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados (acceso a toda a documentación relacionada coa acción, rexistros internos que basean as xustificacións técnicas e/ou administrativas, etc.).

Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

**Artigo 17º.-Réxime de axudas.**

As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2005, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nesta orde.

Estas axudas regúlanse de conformidade co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de

Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais levará a cabo a función de control, así como a de avaliación e seguimento desta convocatoria.

Para realizar estas funcións poderán utilizarse cantos medios estean ao dispor da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, os técnicos especializados dos centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral do Igasel que realizan os labores de asesoramento, colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das organizacións receptoras da subvención.

Segunda.-A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os tipos de axuda previstos nesta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais no director xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer o correspondente pagamento.

Cuarta.-A comprobación da condición de técnico superior en prevención de riscos laborais poderá realizarse directamente polo órgano xestor das axudas cando se trate de técnicos incluídos no rexistro correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-No exercicio 2005 as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo ao programa 214B da Dirección Xeral de Relacións Laborais, aplicación 16.05.214B.480.1 cun crédito de 100.000 €.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-En todo o non regulado nesta orde aplicarase de forma supletoria o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2005.

Belén Prado Sanjurjo  
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego  
e Relacións Laborais

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,  
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS AO FOMENTO DA INTEGRACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS SISTEMAS DE XESTIÓN DAS EMPRESAS MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS SUPERIORES EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIAS MÁIS REPRESENTATIVAS E EMPRESARIAIS MÁIS REPRESENTATIVAS A NIVEL INTERSECTORIAL E/OU SECTORIAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>AS851A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E/OU RAZÓN SOCIAL DA ORGANIZACIÓN		DATA DE CONSTITUCIÓN	CIF
ACTIVIDADE	CÓDIGO CNAE		CADRO DE PERSOAL TOTAL
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ORGANIZACIÓN		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**SOLICITUDE PARA**

Axuda á contratación laboral, por obra ou servizo, de técnico/s superior/es en prevención de riscos laborais:

Técnico/s superior/es en prevención de riscos laborais (nº \_\_\_\_\_).

Denominación da obra ou servizo: \_\_\_\_\_

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 18 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da integración da prevención de riscos laborais nos sistemas de xestión das empresas mediante a contratación de técnicos superiores en prevención de riscos laborais polas organizacións sindicais máis representativas e empresariais máis representativas a nivel intersectorial e/ou sectorial.*

SINATURA E SELO

D/Dª: \_\_\_\_\_  
 O REPRESENTANTE LEGAL

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Director xeral de Relacións Laborais

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do GASEL. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o GASEL, de acordo co establecido no art. 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cederlles os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais. Edificio Administrativo San Caetano, Bl. 5 - 3ª Plta. 17701 Santiago de Compostela.

## ANEXO II

**PROGRAMA DE AXUDAS AO FOMENTO DA INTEGRACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS SISTEMAS DE XESTIÓN DAS EMPRESAS MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS SUPERIORES EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS MÁIS REPRESENTATIVAS E EMPRESARIAIS MÁIS REPRESENTATIVAS A NIVEL INTERSECTORIAL E/OU SECTORIAL**

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN PRESENTAR AS ORGANIZACIÓNS SOLICITANTES**

Para cada solicitude deberán xuntar a seguinte documentación por duplicado exemplar, un deles orixinal:

Nº	DOCUMENTO
1.	<b>SOLICITUDE:</b> <input type="checkbox"/> INSTANCIA DA SOLICITUDE ASINADA E DEBIDAMENTE CUBERTA, SEGUNDO MODELO ESTABLECIDO NO ANEXO I.
2.	<b>DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS:</b> <input type="checkbox"/> CIF. <input type="checkbox"/> DNI DO ASINANTE DA SOLICITUDE. <input type="checkbox"/> ESTATUTOS DEBIDAMENTE INSCRITOS NO REXISTRO COMPETENTE E MODIFICACIÓNS POSTERIORES DELES. <input type="checkbox"/> PODER DO REPRESENTANTE QUE PRESENTA A SOLICITUDE, INSCRITO SE É O CASO, NO REXISTRO COMPETENTE.
3.	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS FISCAIS, EXPEDIDA CUNHA ANTIGÜIDADE INFERIOR A 6 MESES.
4.	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO COA SEGURIDADE SOCIAL, EXPEDIDA CUNHA ANTIGÜIDADE INFERIOR A 6 MESES.
5.	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE NON TER PENDENTE NINGUNHA DÉBEDA COA XUNTA DE GALICIA, EXPEDIDA CUNHA ANTIGÜIDADE INFERIOR A 6 MESES.
6.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU ÁS SÚAS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES, TANTO AS APROBADAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN, INCLUÍNDO AS RESOLUCIÓNS CORRESPONDENTES, SEGUNDO O MODELO ANEXO III DESTA ORDE.
7.	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA.
8.	<input type="checkbox"/> DOCUMENTO QUE ACREDITE A REALIZACIÓN DA CORRESPONDENTE AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS ACTUALIZADA, SE É O CASO, CON ESPECIFICACIÓN DAS POSIBLES SITUACIÓNS DE RISCO, AO ABEIRO DO EXPOSTO NO REAL DECRETO 39/1997, DO 17 DE XANEIRO, NO CASO DE ESTAR OBRIGADO A ELABORALA, ASÍ COMO A ACREDITACIÓN DA REALIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN PREVENTIVA CORRESPONDENTE E A EXISTENCIA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DA ENTIDADE.
9.	<input type="checkbox"/> MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN DO/S TÉCNICO/S CONTRATADO/S, DANDO CONTA EN DETALLE DAS ACTIVIDADES E OBXECTIVOS QUE SE VAN DESENVOLVER ASÍ COMO AS FUNCIÓNS QUE REALIZARÁN EN RELACIÓN COA CATEGORÍA PROFESIONAL E, SEGUNDO MODELO ANEXO IV DA ORDE.
10.	<input type="checkbox"/> ESTUDO DE NECESIDADES REALIZADO PREVIAMENTE Á CONTRATACIÓN OBXECTO DE SUBVENCIÓN, CANDO PROCEDA (2 EXEMPLARES).
11.	<input type="checkbox"/> DNI DO/S TÉCNICO/S E CERTIFICACIÓN DA SÚA CONDICIÓNS DE DESEMPREGADO INSCRITO NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO, ASÍ COMO DOS PERÍODOS DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO.
12.	<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN MEDIANTE O CORRESPONDENTE CERTIFICADO DA FORMACIÓN SUPERIOR DO/S TÉCNICO/S EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CONFORME A NORMATIVA DE APLICACIÓN.
13.	<input type="checkbox"/> INFORME ACTUALIZADO DE VIDA LABORAL DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL REFERIDO AO/S TÉCNICO/S.
14.	<input type="checkbox"/> CONTRATO/S DE TRABALLO, POR OBRA OU SERVIZO, E ALTA/S NA SEGURIDADE SOCIAL.
	<input type="checkbox"/> ESCRITO RAZOADO QUE XUSTIFIQUE A NON PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E ACREDITACIÓN DE SOLICITUDE DELA.



ANEXO III

**PROGRAMA DE AXUDAS AO FOMENTO DA INTEGRACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS SISTEMAS DE XESTIÓN DAS EMPRESAS MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS SUPERIORES EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS MÁIS REPRESENTATIVAS E EMPRESARIAIS MÁIS REPRESENTATIVAS A NIVEL INTERSECTORIAL E/OU SECTORIAL**

**DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, E DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**

D/Dª \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ en nome e representación da organización \_\_\_\_\_ con CIF nº \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que, para a actuación denominada \_\_\_\_\_ esta empresa solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO E ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
AXUDAS CONCEDIDAS	_____	_____	_____
AXUDAS SOLICITADAS	_____	_____	_____

Así mesmo, a organización comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

**E DECLARA EXPRESAMENTE:**

Que a organización sinalada:

- Se encóntra ao día das súas obrigas fiscais.
- Se encóntra ao día das súas obrigas no pagamento das cotas da Seguridade Social.
- Non ten contraída ningunha débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

E para que así conste ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais, asina esta declaración no lugar e data abaixo sinalados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

(Sinatura e selo da organización)

ANEXO IV

Nº EXPDTE
DATA DE ENTRADA

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN QUE SE VAIA REALIZAR**  
ORDE \_\_\_\_\_ (DOG Nº \_\_\_\_\_)

**A. SOLICITANTE (NOME ORGANIZACIÓN)** \_\_\_\_\_

**B. DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN** \_\_\_\_\_

**C. TIPO DE ACTUACIÓN**

ORGANIZACIÓN SINDICAL  ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL

ACTUACIÓN EN SECTORES DE ALTO RISCO  
(ESPECIFICAR SECTORES: \_\_\_\_\_)

ACTUACIÓN BASEADA NUN ESTUDO DE NECESIDADES REALIZADO PREVIAMENTE Á CONVOCATORIA  
(ESPECIFICAR DENOMINACIÓN DO ESTUDO: \_\_\_\_\_)

REALIZACIÓN DE TRABALLOS ESPECÍFICOS:

ACCIÓNS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

REALIZACIÓN DE DIAGNOSES E ASESORÍAS PREVIAS DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

ACCIÓNS QUE PERMITAN COÑECER O NIVEL DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN EN SECTORES ESPECÍFICOS.

OUTROS. (ESPECIFICAR \_\_\_\_\_)

**D. CARACTERÍSTICAS DOS DESTINATARIOS DA ACTUACIÓN**

ORGANIZACIÓN SINDICAL  ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL

SINALAR O NÚMERO DE DESTINATARIOS: Nº PEMES \_\_\_\_\_ Nº TRABALLADORES \_\_\_\_\_ Nº REPRESENTANTES \_\_\_\_\_

SECTOR/ES: \_\_\_\_\_

**E. TÉCNICO/S CONTRATADO/S PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN:**

1.- Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI Nº \_\_\_\_\_  
Data inicio contratación: \_\_\_\_/\_\_\_\_/2005 Data remate contratación: \_\_\_\_/\_\_\_\_/2005

2.- Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI Nº \_\_\_\_\_  
Data inicio contratación: \_\_\_\_/\_\_\_\_/2005 Data remate contratación: \_\_\_\_/\_\_\_\_/2005

Sinatura e selo \_\_\_\_\_

Data realización memoria: \_\_\_\_/\_\_\_\_/2005

Asdo.: o representante legal